

PROGRAMA FORMATIVO

ASISTENCIA Á REALIZACIÓN EN TELEVISIÓN

DATOS XERAIS DO CURSO

1. Familia Profesional: IMAXE E SON

Ámbito profesional: CONTROL DE REALIZACIÓN, ESTUDIO E SET DE GRAVACIÓN, UNIDADES MÓBILES, SALAS DE POSPRODUCCIÓN E GRAFISMO, ARQUIVOS TELEVISIVOS E REDACCIÓN DE PROGRAMAS DE EMPRESAS DE TELEVISIÓN PÚBLICAS E PRIVADAS, PRODUCTORAS DE TELEVISIÓN, DEPARTAMENTOS DE PRENSA E PROMOCIÓN DE EMPRESAS DE CALQUERA SECTOR.

2. Denominación do curso: ASISTENCIA Á REALIZACIÓN EN TELEVISIÓN.

3. Código: IMSD0108

4. Tipo de curso: CERTIFICADO PROFESIONAL DE NIVEL 3

5. Obxectivo xeral:

Coordinar, organizar e desenvolver as necesidades técnicas, artísticas, humanas ou materiais, necesarias para desenvolver a realización dun produto televisivo, axustándose aos criterios técnicos, formais e artísticos marcados, e nos tempos establecidos.

6. Requisitos do profesorado:

MÓDULOS FORMATIVOS	ACREDITACIÓN REQUIRIDA	EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDA NO ÁMBITO DA UNIDADE DE COMPETENCIA	
		SE SE CONTA CON ACREDITACIÓN	SE NON SE CONTA CON ACREDITACIÓN
MF0216_3: POSTA EN ESCENA E PROCESOS DE PREPRODUCCIÓN NA REALIZACIÓN TELEVISIVA (140 HORAS)	<ul style="list-style-type: none"> • Licenciado en: Comunicación Audiovisual; Relacións Públicas. • Enxeñeiro de Telecomunicación. • Enxeñeiro Técnico en Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe. • Técnico de Grao Superior en Realización de Audiovisuais e Espectáculos. 	1 ano	4 anos
MF0217_3: TÉCNICAS DE REALIZACIÓN EN CONTROL (160 HORAS)	<ul style="list-style-type: none"> • Licenciado en: Comunicación Audiovisual; Relacións Públicas. • Enxeñeiro de Telecomunicación. • Enxeñeiro Técnico en Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe. • Técnico de Grao Superior en Realización de Audiovisuais e Espectáculos. 	1 ano	4 anos
MF0218_3: REALIZACIÓN DA POSPRODUCCIÓN TELEVISIVA (150 HORAS)	<ul style="list-style-type: none"> • Licenciado en: Comunicación Audiovisual; Relacións Públicas. • Enxeñeiro de Telecomunicación. • Enxeñeiro Técnico en Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe. • Técnico de Grao Superior en Realización de Audiovisuais e Espectáculos. 	1 ano	4 anos

7. Requisitos de acceso do alumnado:

Certificado profesional de nivel 3:

Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade do nivel de cualificación profesional 3, as persoas aspirantes deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

- a) Estar en posesión do título de bacharelato.
- b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que desexa acceder.
- c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso convocadas polas administracións educativas.
- e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou 45 anos.
- f) Ter o certificado de apto nas competencias necesarias para acceder aos certificados de nivel 3 de cualificación correspondente, a través da superación das probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. Estarán exentas da realización destas probas as persoas que superasen con avaliación positiva accións formativas correspondentes a competencias clave que figuren no ficheiro de especialidades formativas do Servizo de Emprego Público Estatal.

8. Número de alumnos:

15 alumnos.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- **MÓDULO FORMATIVO 1:**
MF0216_3 POSTA EN ESCENA E PROCESOS DE PREPRODUCCIÓN NA REALIZACIÓN TELEVISIVA (140 horas)
- **MÓDULO FORMATIVO 2:**
MF0217_3 TÉCNICAS DE REALIZACIÓN EN CONTROL (160 horas)
- **MÓDULO FORMATIVO 3:**
MF0218_3 REALIZACIÓN DA POSPRODUCCIÓN TELEVISIVA (150 horas)
- **MÓDULO DE PRÁCTICAS:**
MP0024 MÓDULO DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE ASISTENCIA Á REALIZACIÓN EN TELEVISIÓN (80 horas)

10. Duración:

Horas totais: 530

Distribución horas:

- Presenciais: 530

11. Instalacións e equipamento:

Espazo Formativo	Superficie m ²	Superficie m ²
	15 alumnos	25 alumnos
Aula de xestión	45	60
Taller de producións audiovisuais, edición e posproducción	200	200

Espazo Formativo	M1	M2	M3
Aula de xestión	X	X	X
Taller de producións audiovisuais, edición e posproducción	X	X	X

12. Material didáctico e de consumo:

ESPAZO FORMATIVO: AULA DE XESTIÓN

EQUIPAMENTO:

- Equipos audiovisuais
- PCs instalados en rede, canón de proxección e Internet
- Software específico da especialidade
- Encerados para escribir con rotulador
- Equipos audiovisuais
- Rotafolios
- Material de aula
- Mesa e cadeira para formador
- Mesas e cadeiras para alumnos/as

ESPAZO FORMATIVO: TALLER DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS, EDICIÓN E POSPRODUCCIÓN

EQUIPAMENTO:

- Equipo de control de realización, de son e iluminación.
 - 3 cámaras de estudio.
 - Cámara ENG.
 - Xerador de caracteres e tituladoras.
 - Equipo de posproducción de audio e vídeo.
 - Cronómetros analóxicos e dixitais.
 - Equipos portátiles de captación e reprodución de audio.
 - Mesturador de vídeo.
 - Rótulo de incrustación.
 - Gravación de localizacións.
 - Ferramentas tecnolóxicas diversas para a mestura de vídeo.
 - CDs, DVDs, cintas.
 - Elementos de protección.
- Non debe interpretarse que os diversos espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante cerramentos.
- As instalacións e equipamentos deberán cumprir coa normativa industrial e hixiénico-sanitaria

correspondente e responderán a medidas de accesibilidade universal e seguridade dos participantes.

- O número de unidades que se deben dispoñer dos utensilios, máquinas e ferramentas que se especifican no equipamento dos espazos formativos, será o suficiente para un mínimo de 15 alumnos e deberá incrementarse, no seu caso, para atender a un número superior.
- No caso de que a formación se dirixa a persoas con discapacidade realizaranse as adaptacións e os axustes razoables para asegurar a súa participación en condicións de igualdade.

13. Ocupación/s da clasificación de ocupacións:

Código nacional de ocupación (CNO)	Denominación
29341021	AXUDANTES DE REALIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS

DATOS ESPECÍFICOS DO CURSO

14. Relación secuencial das unidades de competencia e módulos formativos

UC0216_3: COORDINAR O DESENVOLVEMENTO DAS NECESIDADES DE REALIZACIÓN DUNHA PRODUCCIÓN TELEVISIVA, DO ESPAZO ESCÉNICO E DA POSTA EN ESCENA NAS DISTINTAS LOCALIZACIÓNS.

Realizacións profesionais e criterios de realización:

RP1: Participar no desenvolvemento do guión dunha produción televisiva e elaborar a *escaleta* técnica de realización.

CR1.1 As accións definidas no guión identifícanse para marcar os movementos e posicións dos presentadores, artistas e convidados, condicionándoos ás características do escenario.

CR1.2 *O desglose* marca os diferentes espazos escénicos necesarios e as súas características, de acordo co guión e atendendo aos criterios do realizador.

CR1.3 A relación de músicas, efectos de son, de luz, transicións, gráficos, rótulos, envíos de sinal a plató, necesidades de escenografía e atrezzo e demais aspectos formais previsibles, elabóranse segundo as instrucións que marca o realizador, incluíndo cada un dos elementos na *escaleta* técnica na orde e posición indicada, reflectindo os tempos de duración de cada un deles, modificando e/ou informado o realizador dos desaxustes.

CR1.4 Dos responsables técnicos e artísticos pertinentes recolle o contido da *escaleta* técnica, transmite e supervisa o desenvolvemento de calquera variación apuntada sobre o plan orixinal.

CR1.5 A planificación previa de posición e movemento de cámaras, elabórase segundo instrucións recibidas.

RP2: Propor e avaliar as localizacións máis axeitadas á intencionalidade do programa/produto televisivo.

CR2.1 As localizacións identifícanse estudando o guión, definindo o seu número, características principais e necesidades para a realización do programa.

CR2.2 A valoración das localizacións ten en conta os informes dos outros membros do equipo técnico e asegura a idoneidade e dispoñibilidade para satisfacer as necesidades de realización en canto a espazo escénico, iluminación, son, colocación de cámaras, alimentación eléctrica, medios especiais, etc.

CR2.3 A información xerada sobre as posibles localizacións recompílase de xeito que permita

unha valoración obxectiva por parte do realizador, director e produtor.

RP3: Recompilar e organizar o material audiovisual reflectido na *escaleta* técnica a fin de preparar o produto/programa televisivo.

CR3.1 No arquivo de vídeo localízanse, a través do documentalista ou da base de datos, as imaxes necesarias e as alternativas posibles co fin de elaborar unha relación que ten que recoller os códigos de cinta, acceso ou clip, o código de tempo preciso da acción e unha breve descrición do tipo de plano, desenvolvemento da acción e valoración da calidade técnica.

CR3.2 No arquivo de son localízanse, a través do documentalista ou da base de datos, os efectos de audio e músicas necesarias e as alternativas posibles co fin de elaborar unha relación que ten que recoller os códigos de cinta, acceso ou clip, o código de tempo preciso da acción ou momento musical e unha breve descrición do estilo e ritmo musical e duración dos efectos.

CR3.3 O material de imaxe e audio recompíllase, extraéndoo a cintas ou soportes de traballo, e organízase por temas e orde de *escaleta*, etiquetando claramente o soporte e *desglosando* o seu contido de xeito que sexa facilmente comprensible por calquera outro membro do equipo.

CR3.4 Ao operador de *printer* trasládase a relación de rótulos e as consideracións formais marcadas polo realizador, así como a relación de orde de presentación reflectida na *escaleta* técnica e supervisa o acabado.

CR3.5 O material gráfico necesario captúrase e/ou dixitalízase, para realizar as necesidades de grafismo 2D, minutándoo, organizándoo e trasladándollo ao grafista e supervisando o acabado, controlando que se axuste ás necesidades e criterios marcados.

CR3.6 Ao realizador e a produción informáselles do estado das tarefas co fin de poder avaliar con precisión se o proceso se encontra dentro dos tempos e os medios estimados.

RP4: Coordinar e verificar o desenvolvemento espacial e temporal dos recursos e medios artísticos que interveñen na execución dun programa/produto televisivo, seguindo as indicacións recibidas.

CR4.1 Na escena e sobre as indicacións de *escaleta*, compróbase a viabilidade dos movementos do persoal artístico no tempo e forma previstos e anótanse na *escaleta* todas aquelas observacións referentes á posta en escena que poidan influír na realización do programa, rexistrando e comunicando as incidencias non apreciadas na planificación.

CR4.2 Todos os detalles necesarios para garantir a continuidade visual en *retomes* e tomas posteriores anótanse claramente.

CR4.3 Os *playbacks* musicais minútanse e *desglósanse* con marcas de tipo de ritmo, *estribillos*, instrumentos solistas e entradas e saídas de voz.

CR4.4 As coreografías, actuacións visuais e os movementos ou accións de cantantes e intérpretes minútanse e *desglósanse* coas marcas correspondentes de ritmo, entradas e saídas.

CR4.5 Ao persoal de figuración ou público indícaselle a súa colocación, movementos e actitudes establecidos, ensaiando previamente a posta en escena dos actores, convidados ou presentadores.

CR4.6 Durante a gravación contrólase a posta en escena da figuración/público, detectando irregularidades sobre o previsto e informando das incidencias a fin de valorar a viabilidade das tomas.

RP5: Transmitir ordes, detectar e corrixir problemas na planta escenográfica en función das directrices recibidas, para conseguir a intencionalidade narrativa e a calidade técnica e formal requirida.

CR5.1 As cámaras sitúanse sobre a planta escenográfica na posición óptima e segundo as indicacións recibidas, comprobándose os *encadres* e os movementos de cámara e verificando que non existen elementos indesexables (*desaforos*, brillos, *enfilamentos*, sombras, elementos escénicos mal dispostos) e informando da súa existencia e/ou realizando as correccións oportunas.

CR5.2 A comunicación entre control de realización e estudio mantense a través dos equipos de intercomunicación, de forma permanente e coa inmediatez necesaria, axustándose ás indicacións de realización.

CR5.3 As instrucións sobre as pretensións de realización son transmitidas de forma clara e precisa ao equipo artístico, técnico e público da planta escenográfica.

CR5.4 Os cambios durante a realización ou na orde de gravación, de tempos e contidos, son comunicados coa suficiente antelación para garantir a execución de ditos cambios no tempo

establecido.

CR5.5 As entradas prevense e anticipan a evolución por escena do persoal artístico.

CR5.6 As deficiencias artísticas ou técnicas detectadas de forma imprevista comunícanse e adóptanse as medidas oportunas.

MF0216_3: POSTA EN ESCENA E PROCESOS DE PREPRODUCCIÓN NA REALIZACIÓN TELEVISIVA (140 HORAS).

UF0095: O MEDIO TELEVISIVO: EQUIPOS E FORMATOS (80 HORAS).

Capacidades e criterios de avaliación:

C1: Analizar as características fundamentais do medio televisivo e os seus produtos audiovisuais.

CA1.1 A partir do organigrama dunha determinada cadea de televisión, recoñecer as funcións básicas de cada departamento ou sección e identificar os recursos humanos.

CA1.2 Describir as fases da produción audiovisual: preproducción – produción – posproducción dun programa de televisión.

CA1.3 Identificar os equipos tecnolóxicos utilizados en cada fase da produción audiovisual, describindo as súas prestacións.

CA1.4 Recoñecer os diversos tipos de programas televisivos segundo a clasificación europea, así como as características dos programas en directo, diferido, falsos directos e outros.

C2: Analizar os equipos técnicos e os materiais utilizados na realización televisiva.

CA2.1 Describir as características das cámaras de televisión e de ENG, os soportes, as ópticas e os seus accesorios (filtros, *autocue* e outros).

CA2.2 Describir e identificar polas súas prestacións os diferentes equipos de iluminación e os seus accesorios.

CA2.3 Describir e identificar polas súas prestacións os diferentes equipos e materiais de son.

CA2.4 Describir e diferenciar polas súas prestacións os equipos do control técnico de imaxe CCU, vectorscopio, MFO.

CA2.5 Describir os equipos do control de realización: monitores, magnetoscopios, tituladoras, mesa de mesturas, relacionándoos coas súas prestacións.

CA2.6 Describir os fundamentos dos equipos de gravación e reprodución de vídeo e clasificar os formatos de gravación polas súas características.

CA2.7 Describir as características e prestacións das unidades móbiles.

C3: Aplicar os elementos da linguaxe e a narrativa audiovisual na realización televisiva.

CA3.1 A partir da análise de diversas producións televisivas: ficción, informativo, documental e *magazine*, identificar: a sincronización da imaxe e o son, a ambientación sonora (sintonía, caretas, efectos, música), a significación expresiva do son, a complexidade da toma sonora e o tratamento efectuado.

CA3.2 A partir da análise de diferentes programas de ficción, identifica os xéneros e as súas características expresivas, os espazos e os elementos escenográficos utilizados na ambientación da produción, os efectos especiais de imaxe e son e as súas entradas na acción desenvolvida.

C4: Elaborar o guión técnico e a documentación que xera a realización dunha produción audiovisual.

CA4.1 A partir do guión dun programa informativo elaborar a documentación necesaria para a súa realización:

- Elaboración do *desglose*: por escenas, sinalando a duración estimada, os nomes dos participantes, a distribución das cámaras e a distribución de micrófonos.
- Elaboración da planificación das cámaras: a ubicación das cámaras e os planos asinados, número de plano e tamaño, movemento de cámara.
- Os modos de enlace entre as escenas, secuencias ou bloque (*corte*, *cortinillas*, movemento interno ou externo no plano e outros).
- Os efectos especiais visuais e sonoros.
- A música da cabeceira e peche do programa, a ambientación sonora, o cabalgamento da locución coas imaxes.
- Os planos de *inserto* e outros.

CA4.2 A partir dun suposto práctico dunha produción televisiva de ficción:

- Elaborar os documentos técnicos do guión: o guión, o guión técnico, follas de *desglose*.
- Elaborar a descrición físico-psíquica dos personaxes (caracterizacións, vestuario, maquillaxe, perruquería).
- Elaborar unha estimación dos recursos materiais e técnicos necesarios para a produción, así como dos equipos humanos que teñen que participar na súa realización.
- Identificar as localizacións máis adecuadas, de acordo co orzamento da produción.
- Elaborar a *escaleta* dos decorados: a ambientación, cor, o carácter do atrezzo.
- Elaborar o *desglose* do guión: planta de decorados, planta de cámaras, posta en escena.
- Elaborar o plan de traballo, o parte de cámara, a *escaleta* de gravación, os minutados.

CA4.3 A partir dun suposto práctico da produción dun programa de variedades:

- Elaborar os documentos técnicos do guión: o guión, o guión técnico, folla de *desglose*.
- Elaborar unha estimación dos recursos materiais e técnicos necesarios para a produción, así como dos equipos humanos que teñen que participar na súa realización.
- Identificar as localizacións máis adecuadas, de acordo co orzamento da produción.
- Elaborar a *escaleta* dos decorados: a ambientación, cor, o carácter do atrezzo.
- Elaborar o *desglose* do guión: planta de decorados, planta de cámaras, posta en escena.
- Elaborar o plan de traballo, o parte de cámara, a *escaleta* de gravación, minutados.

C5: Analizar o documento do guión e a información auxiliar que proporciona a fin de planificar o movemento das cámaras.

CA5.1 No suposto práctico caracterizado por un guión dun programa televisivo de diferentes tipos, identificar a tipoloxía de personaxes, participantes e outros.

CA5.2 Analizar e diferenciar a documentación que xeran distintos tipos de produción: dramáticos, informativos, documentais, variedades, retransmisións deportivas máis comúns.

CA5.3 A través do visionado de varias secuencias, analizar a estética visual de varias producións de ficción de distintos xéneros:

- A planificación (situación das cámaras, angulación e os seus movementos).
- A escenografía.
- A iluminación e os efectos de iluminación especiais.
- A ambientación sonora e os efectos de son.
- Os efectos de vídeo.

CA5.4 Identificar as imaxes necesarias, os rexistros de audio necesarios e os elementos gráficos necesarios que necesitan diversos modelos de programas informativos caracterizados polo guión.

CA5.5 Identificar, describir e avaliar o material visual e sonoro necesario para a realización dun determinado programa, segundo o guión e os obxectivos da realización.

CA5.6 Confeccionar a *escaleta* de gravación a partir do guión e do visionado dun programa: Informativo, Documental, *Magazine*, Dramático.

CA5.7 A partir do guión e da *escaleta* dunha produción audiovisual identificar as localizacións máis adecuadas para a produción de : Informativos, Documentais, *Magazines*, Dramáticos.

CA5.8 Mediante a análise do guión dunha produción de ficción, facer unha estimación dos recursos materiais e técnicos necesarios para a produción así como dos equipos humanos que teñen que participar na súa realización.

CA5.9 A partir do *desglose* do guión dun dramático, realizar o plan de escena máis adecuado: o ambiente escenográfico (localizacións, descrición decorados, estilo, cromatismo, carácter do atrezzo); a descrición físico-psíquica dos personaxes (caracterizacións, vestuario, maquillaxe, perruquería); situación das cámaras e os seus movementos; tipo de maquinaria; equipo de iluminación e equipo de son; os efectos especiais de iluminación e son; os efectos de vídeo na edición; o grafismo.

CONTIDOS:

1. A produción audiovisual: a televisión.

- Fases e desenvolvemento do proceso de produción en televisión.
- A estrutura das empresas de televisión en función da súa titularidade, cobertura e programación.
- As emisoras e estudos de televisión:
- Titularidade e formas de control.
- Estrutura dos programas.
- Organigrama tipo dunha emisora de televisión: áreas e departamentos.
- Os estudos de televisión.
- Os servizos de valor engadido.
- Tipoloxía de programas. A clasificación europea.
- Outros produtos audiovisuais: publicidade, *cartas de axuste*, transicións.
- A evolución dos programas de televisión polas súas características empresariais, temáticas e técnicas.

2. A linguaxe audiovisual.

- Tipoloxía de planos.
- Os movementos de cámara.
- Composición da imaxe e a técnica do encadramento.

3. A linguaxe narrativa audiovisual.

- Representación do espazo e do tempo. Relacións.
- Continuidade ou *raccord*.
- Salto de eixe.
- A elaboración de secuencias.
- Posta en escena e escenografía televisiva.
- Planificación da posta en escena.

4. O guión.

- Estrutura narrativa.
- Fases do guión: da idea ao guión técnico.
- Posta en escena e escenografía televisiva.
- Planificación da posta en escena.
- Documentación xerada: partes de emisión, follas de *desglose*, listados de VTRs, etc.
- Tipos e formatos de guión audiovisual (ficción, reportaxe, documental).
- O *desglose* do guión.
- Tipoloxía de personaxes e participantes.
- O *story board*.
- Programas *-software-* de aplicación na confección de guións.
- Confección da *escaleta* de gravación.

5. Os formatos de imaxe. Equipos de gravación. Características.

- Vídeo Betacam SP.
- Dixitais: XD Cam, Betacam dixital / Dixital -S, Betacam SX, Betacam IMX, DVCPRO25, DVCPRO50, DVCPROHD, DVCAM, XDCAM, MiniDV, DVD doméstico, compresión dixital e formatos de vídeo dixital, MPEG2, DV, .avi, e outros. A televisión que vén: HDTV (Alta Definición) e os seus formatos de gravación e emisión.

6. Os formatos de son. Características.

- Soportes analóxicos e dixitais.
- A captación do son.
- A gravación do son dixital e analóxico.

7. A imaxe electrónica.

- O sinal de vídeo. Exploración entrelazada.
- A liña de televisión.
- Medida de sinais de vídeo.

8. O sistema de TV analóxico e dixital.

- Os sinais diferenza de cor U e V.
- O sinal de crominancia.
- Os sistemas PAL, NTSC e SECAM.
- Os equipos de medición: Vectorscopio e MFO.
- O sinal dixital.
- Os sistemas de compresión de imaxes. MPEG.
- Os sistemas de mostraxe de imaxe.

9. A cámara de televisión e a CCU.

- A óptica e captación da luz. Ángulos visuais.
- Os formatos de cámara dixital.
- Controis de cámara e CCU: diafragma e obturador, filtros de corrección de temperatura, cor, balance de brancos, balance de negros, corrección de gamma e *knee*, ganancia.
- A profundidade de campo/distancia Hiperfocal. Os efectos de movemento. Enfoque selectivo.

10. Equipos técnicos e medios materiais que se utilizan en realización:

- Medios técnicos dispoñibles para a realización.
- Medios auxiliares; grúas, cámaras robotizadas, cabezas quentes, *steadycam*, practicables e outros.
- Equipos de control de realización: monitores, magnetoscopios, servidores de vídeo *playlist*, tituladoras, mesa de mesturas e outros.

UF0096: PREPRODUCCIÓN DA REALIZACIÓN TELEVISIVA (60 HORAS).

Capacidades e criterios de avaliación:

C1: Realizar a captación e rexistro de imaxes e son con equipo ENG.

CA1.1 Describir as características da gravación con equipos lixeiros ou ENG.

CA1.2 Nun caso práctico dunha produción informativa ENG: entrevista, noticia e reportaxe, documental, planificar a toma de imaxe e son segundo os obxectos da cobertura informativa.

CA1.3 Efectuar a gravación dunha produción informativa ENG: entrevista, noticia e reportaxe, documental; identificando previamente as localizacións que mellor se adapten ao programa, a planificación das tomas, o equipamento técnico necesario e os seus accesorios.

CA1.4 Organizar o equipamento técnico necesario e os seus accesorios para a gravación de distintas tomas.

C2: Elaborar a posta en escena dun programa de televisión.

CA2.1 Identificar e comparar os espazos escénicos utilizados en programas de televisión segundo as súas características.

CA2.2 Identificar os elementos utilizados na ambientación dos decorados.

CA2.3 Describir os tipos de vestuario utilizados de acordo co tipo de programa e as características técnicas relativas a *moiré*, saturación e cor, en relación a elementos escenográficos.

CA2.4 Elaborar a posta en escena máis adecuada: características do decorado, elementos escenográficos, vestuario e maquillaxe, segundo o guión ou *escaleta* de diferentes programas de televisión.

CA2.5 Explicar a ubicación e as funcións dos compoñentes do equipo humano (técnico, artistas, presentadores e outros) que interveñen na realización dun programa.

C3: Coordinar os ensaios de todos os equipos técnicos e artísticos no plató ou no set de gravación.

CA3.1 Empregar as ordes de realización que se lles dan aos distintos equipos no que se refire á ubicación e as funcións de cada un dos seus compoñentes, durante a realización dun programa.

CA3.2 Nun caso práctico de realización monocámara e multicámara (con diversos tipos de programa):

- Verificar durante os ensaios que os suxeitos ou obxectos do *set* que teñen que aparecer en cadro non se ocultan entre si, sinalando se é preciso con marcas no chan as posicións dos personaxes, variando a posición de cámara para realizar a toma; comprobar así mesmo que os suxeitos que aparecen estean situados entre si á distancia precisa, para en caso contrario corrixir as súas posicións ou a da cámara.

- Determinar que a cor das superficies ou obxectos sexa a adecuada, e en caso contrario pedir aclarar ou escurecer a área afectada; que non haxa sombras indesexables no fondo ou en superficies que poidan distraer a atención do espectador.
- Verificar co escenógrafo que os decorados estean na posición adecuada e a solidez do funcionamento destes cando se teñen que accionar (ventás, portas).
- Comprobar co escenógrafo e o iluminador se fose tamén necesario, que as cores da decoración son as previstas unha vez iluminada a escena, que non hai manchas de sucidade ou imperfeccións nos fondos, no decorado, *nos foriños*, que se manifestan pola iluminación da escena e polo encadre da cámara.
- Identificar co equipo de son a posición adecuada da xirafa, e/ou o micrófono para que non entren no encadre e non provoquen sombras en escenografía ou nos fondos, para modificar as súas posicións e a iluminación se fose necesario.

CONTIDOS:

1. Procesos de realización de programas de televisión:

- Fases e desenvolvemento segundo o tipo de programas.
- Técnicas de realización en función da tipoloxía dos programas: informativos, programas dramáticos, entrevistas, documentais, magazines, musicais, deportivos, programas de variedades e retransmisións, e outros.
- Funcións do equipo técnico.
- O minutado de escenas.

2. A cámara ENG.

- Características e prestacións da gravación con equipos lixeiros.
- O equipamento necesario para a cámara ENG: trípodes, iluminación, son, e os seus accesorios.
- Captación de imaxes e son en exteriores coa cámara ENG.
- Novas tecnoloxías aplicadas á gravación de imaxe.
- Sistemas de gravación XD CAM con gravación en disco.

3. Os espazos escénicos e a ambientación dos programas de televisión.

- Localizacións: identificación, avaliación e documentación que xeran.
- Planificación para a posta en escena.
- Vestiario e maquillaxe.
- Características técnicas dos elementos escenográficos.
- Planificación da ubicación e funcións do equipo humano:
 - Técnicos.
 - Artistas.
 - Presentadores.
 - E outros.

4. Coordinación de ensaios.

- Coordinación da ubicación de todos os participantes.
- Distancia entre participantes.
- O encadramento.
- Iluminación da posta en escena.
- Ubicación de decorados.
- Ubicación dos elementos de son.

5. Comunicación e coordinación no set de realización.

- Coordinación espacial e temporal de recursos e medios artísticos.
- Planificación de entradas do persoal artístico.
- Coordinación do equipo de realización cos equipos de dirección.
- A coordinación co escenógrafo, o iluminador e o equipo de son.
- O realizador como coordinador do equipo de traballo. - Os responsables técnicos e artísticos.
- Os equipos materiais de intercomunicación.

- A comunicación como elemento clave na realización.
- Transmisión de instrucións en tempo real a técnicos, artistas, presentadores e outros.

UC0217_3: ASISTIR NO CONTROL DE REALIZACIÓN DUNHA PRODUCCIÓN TELEVISIVA MEDIANTE O CONTROL DOS MEDIOS TÉCNICOS E HUMANOS.

Realizacións profesionais e criterios de realización:

RP1: Verificar duracións, calidades e incidencias de vídeos, efectos, grafismos, titulacións, músicas, efectos de son e iluminación.

CR1.1 Sobre o parte de cinta verifica que os códigos de entrada e saída son correctos e que os *coleos* responden ás necesidades, e comproba duracións informando de calquera incidencia.

CR1.2 Calquera incidencia técnica no material pregravado anótase e infórmase ao realizador e ao responsable técnico ao que lle afecte a citada incidencia, valorando se existe unha solución desde os controis.

CR1.3 No guión e/ou *escaleta* anótase os pés de texto de saída a vídeo e o pé de volta de vídeo.

CR1.4 Cos responsables de equipos e operacións compróbase que dispoñen da información e material necesario para executar as súas tarefas, que este material se axusta aos criterios técnicos establecidos e que se atopan operativos no tempo indicado.

CR1.5 Calquera incidencia na dispoñibilidade e operatividade de todos os medios técnicos e humanos é informada e trasládase ao responsable técnico pertinente a solución adoptada.

RP2: Controlar a emisión de cintas, fontes, conexións en directo, pausas previstas e actuacións artísticas, previndo a todo o equipo de realización e técnico.

CR2.1 Na seguinte orde comunícase o número da máquina que vai reproducir o vídeo, a duración do *coleo* de entrada, incidencias do citado *coleo*, duración total da peza, tempos parciais, incidencias sobre o *coleo* de saída, pé de saída e conta atrás.

CR2.2 Os minutados e a *escaleta* técnica séguense e anticipáanse as accións do persoal artístico e pés de guión, cántanse os tempos de minutados musicais e anticipáanse as ordes ao equipo técnico e aos operadores de cámara para chegar con precisión ao plano requirido e aos efectos, transicións, etc., no momento oportuno.

CR2.3 O tempo de cada bloque é controlado e comproba que o tempo acumulado se axusta ás indicacións do control de continuidade e transmite as incidencias ao respecto.

CR2.4 Seguindo a *escaleta*, anticipálles ao realizador e ao resto do equipo os pasos seguintes, atendendo as eventualidades que poidan afectar ao normal desenvolvemento.

CR2.5 Mantense comunicación co control de continuidade para informar da hora de entrada e os tempos de publicidade, informando a todo o equipo das duracións das citadas pausas e da conta atrás e tempos parciais para a entrada en antena, ao inicio de programa e en cada bloque publicitario.

CR2.6 Durante a gravación ou a través dunha análise posterior desenvólvese unha relación de necesidades para a posproducción do programa, de forma autónoma e segundo as indicacións recibidas.

CR2.7 Con produción coordínase a localización, extracción, xeración ou produción do material complementario de posproducción, garantindo a súa dispoñibilidade ao comezo do proceso de finalización.

RP3: Operación de equipos auxiliares no control de realización.

CR3.1 O conmutador de sinal de envío de vídeo a plató manéxase en función das indicacións de *escaleta* e indicacións do realizador.

CR3.2 O conmutador de envío de sinal aos magnetoscopios gravadores auxiliares manéxase de forma autónoma, seguindo a realización e asegurando a gravación de planos alternativos á mestura para a súa posterior utilización como recursos de montaxe.

CR3.3 A paxinación do *printer* manéxase instalado no control, incluíndo novos textos a solicitude de dirección e/ou realización.

MF0217_3: TÉCNICAS DE REALIZACIÓN EN CONTROL (160 HORAS).

UF0097: GRAVACIÓN DE PROGRAMAS DE TELEVISIÓN (90 HORAS).

Capacidades e criterios de avaliación:

C1: Coordinar o contorno operativo adecuado á produción de programas de televisión desde o control de realización.

CA1.1 Explicar as técnicas básicas de realización de programas de televisión: saltos proporcionais, lei do eixe, o plano contraplano e o plano *master*.

CA1.2 Identificar e describir as técnicas máis usuais para manter a continuidade narrativa durante a realización de programas de televisión.

CA1.3 Explicar as funcións e situación no plató do equipo humano na realización de programas de televisión.

CA1.4 Comprobar desde os monitores da sala de control, durante os ensaios dunha gravación, que os movementos de cámara son sincrónicos á acción e motivados por ela ou os diálogos, segundo o guión e instrucións da realización.

CA1.5 Na sala de control verificar que todo o equipo está preparado para a gravación comprobando que o técnico de control de imaxe axustou a cámara aos parámetros de calidade pertinentes, que o técnico de son axustou o seu equipo, que o mesturador está preparado. Se o produto a realizar necesita dun *promter*, asegúrase que este funciona á velocidade axeitada de lectura para o presentador.

CA1.6 Identificar as transicións para asegurar que son as previstas para un determinado programa, co ritmo e os tempos de entrada e saída axeitados.

CA1.7 Desde os monitores da sala de control observar a continuidade de actuación, iluminación, ambiente e acción durante a realización/gravación, para prever posibles fallos e dar instrucións aos equipos.

CA1.8 Comprobar durante os ensaios que os planos xerais, curtos e planos detalle se axustan á estrutura do bloque ou da secuencia, de maneira equilibrada para que o espectador comprenda a lóxica da acción e que a súa duración en pantalla para o visionado é suficiente.

CA1.9 Nun caso práctico de realización en multicámara de diversos programas, debidamente caracterizado (mediante guión ou *escaleta*):

- Elaborar o *deglose* dos bloques de gravación.
- Seleccionar o material e o equipo técnico necesario.
- Planificar a gravación.
- Colocar na planta de decorado ou "set" a situación e movemento dos elementos técnicos e participantes.
- Identificar e comunicarlles aos técnicos e participantes a información, as accións e a correcta execución do programa nos seus parámetros técnicos.
- Realizar o programa.
- Prever os membros do equipo coa suficiente antelación e utilizando os códigos precisos, dos tempos totais e parciais e das fases do programa.
- Anotar no guión as incidencias da realización.
- Analizar o resultado e elaborar un informe xustificando as accións e decisións tomadas.

C2: Identificar os posibles problemas na realización dun programa.

CA2.1 Identificar as necesidades que poidan xurdir de cambios na orde da gravación, nos contidos ou nos tempos asignados; identificalas para transmitir esas necesidades ou rectificalas se fose necesario.

CA2.2 Transmitir as ordes precisas derivadas das necesidades detectadas e solucionarlas.

CA2.3 Identificar as deficiencias na gravación, artísticas ou técnicas, para comunicarllelas aos responsables de cada equipo e solucionarlas oportunamente.

CA2.4 Describir e anotar as variacións e modificacións producidas durante a gravación.

CA2.5 Recoñecer a calidade das imaxes rexistradas identificando os parámetros de calidade e

as correccións necesarias.

CONTIDOS:

1. Técnicas de realización:

- Características da realización con cámara e multicámara.
- Movemento dos personaxes no encadramento. Eixe de acción e eixe de desprazamento.
- Lei do eixe.
- O plano contraplano.
- O plano *master*.
- Cámaras robotizadas.

2. A iluminación nunha gravación multicámara.

- Características da iluminación para unha gravación multicámara.
- A luz e a cor. Principios básicos.
- Iluminación base da escena.

3. O son nunha gravación multicámara.

- Características da captación do son para unha gravación multicámara.

4. O control de realización.

- Equipamento.
- Técnicas de realización en control.

5. Tipoloxía de programas televisivos: Técnicas para cada tipo de programa. Técnicas en plató.

- Os programas de entretemento: concursos, musicais, telecomedias, telefilmes, *magazines*.
- Os programas informativos (diarios, semanais, especiais, debates,...).
- Eventos especiais: espectáculos musicais, desfiles.
- Os programas documentais.
- Os programas dramáticos.
- Os programas de variedades.
- Os programas de retransmisións.
- Características dos contidos, elementos, modelos de programas.
- Preparación da produción a partir da información do guión e do resto dos documentos.
- Características dos recursos técnicos utilizados.
- Fases e desenvolvemento do proceso de realización segundo o tipo de programa. Programas en directo. Programas gravados. As retransmisións.

UF0098: EQUIPOS AUXILIARES NO CONTROL DE REALIZACIÓN (70 HORAS).

Capacidades e criterios de avaliación:

C1: Utilizar os diferentes tipos de equipos auxiliares que se poden operar no control de realización.

CA1.1 Elaborar a composición do control dixital de realización e continuidade.

CA1.2 Identificar o modo de manexar o conmutador de sinal de envío de vídeo a plató para sinalar o inicio e o final da acción.

C2: Organizar os recursos materiais e técnicos durante a fase de realización para a súa posprodución.

CA2.1 Identificar os planos previamente preseleccionados para a posprodución a través do código de tempo.

CA2.2 Identificar e minutar o material de vídeo-audio necesario para a gravación/emisión dun programa determinado.

CA2.3 Identificar a documentación gráfica necesaria: imaxes de arquivo, gráficos e tipografía, entre outros.

CA2.4 Describir os riscos que poidan producirse durante a realización audiovisual para seguir as regras de seguridade necesarias.

CA2.5 Analizar a calidade do material gravado.

CONTIDOS:

1. Equipos auxiliares

- Os paneis de interconexión, os preselectores, a matriz de conmutación.
- O corrector base de tempos TBC.
- A tituladora e os xeradores de efectos.
- O mesturador de vídeo.

2. Organización e planificación dos recursos de posproducción.

- Posproducción de planos.
- Código de tempo.
- Minutaxe do material gravado de audio e vídeo.

3. Localización de documentación gráfica.

- Imaxes de arquivo, gráficos, tipografías e outros.

4. Calidade do material gravado

- Características da calidade. Avaliación de factores.
- Planificación, organización e control.
 - Proceso de control da calidade. Recepción.
- Factores que identifican a calidade.
 - Calidade do proceso.
 - Calidade do produto.
- Calidade da imaxe.
 - Calidade no equilibrio de cor.
 - Realización de operacións de calidade.
- Calidade do son:
 - O rexistro do son. Sistemas.
 - Acondicionamento acústico.
 - control dos niveis de sinal de son.
 - Acústica.
- Calidade na iluminación. Colorimetría e temperatura da cor.
- Variacións na gravación: na orde, nos contidos ou nos tempos asignados.

5. Riscos laborais e regras de seguridade necesarias

- O lugar de traballo.
- Ferramentas, posturas e contorno de traballo.
- Medidas de seguridade e de emerxencia.

UC0218_3: PARTICIPAR NA POSPRODUCCIÓN DE PRODUTOS TELEVISIVOS.

Realizacións profesionais e criterios de realización:

RP1: Recompilar, ordenar e dispor todo o material audiovisual necesario para a posproducción.

CR1.1 As cintas de vídeo minútanse con precisión, indicando códigos de tempos, contido, tipo de plano, duración e incidencias técnicas e formais.

CR1.2 A transferencia ao formato de posproducción organízase e supervísase todo aquel material que non sexa compatible.

CR1.3 O parte de posproducción recolle toda a información referente aos aspectos formais de contido e artísticos de todo o material audiovisual, elaborándose de forma concisa, precisa e recoñecible por calquera membro do equipo de realización.

RP2: Atender as necesidades da montaxe e suxerir alternativas técnico-artísticas á montaxe.

CR2.1 O plano, música, efecto de son, grafismo, etc. solicitados son identificados e comunícase a súa situación e código de tempo.

CR2.2 O material audiovisual recóllese detalladamente para atender con eficacia as peticións do realizador.

CR2.3 Durante a montaxe propóñense alternativas, efectos, transicións, en función do seu

coñecemento do material audiovisual.

RP3: Dispor o produto final para a súa emisión.

CR3.1 Segundo a normativa do medio ou empresa etiquétase a cinta final como *Master* co título do programa, capítulo, número de capítulo, data de emisión e demais datos necesarios para a súa identificación.

CR3.2 O parte da cinta elabórase e xúntase, reflectindo: o código de tempo de entrada de programa e os códigos de saída e entrada de publicidade, e o código de saída, ou ben os códigos de entrada e saída, os *coleos* e os pés se se trata dunha peza destinada a emitirse no contexto dun programa.

CR3.3 O produto visiónase para comprobar que se cumpriu coas expectativas, informando ao realizador de calquera posible incidencia formal, artística ou técnica.

CR3.4 O *Master* entrégase a produción xunto coa documentación xerada (parte de cinta, declaración de autores, incidencias).

MF0218_3: REALIZACIÓN DA POSPRODUCCIÓN TELEVISIVA (150 HORAS).

UF0099: EDICIÓN DE PRODUTOS DE TELEVISIÓN (80 HORAS).

Capacidades e criterios de avaliación:

C1: Analizar as técnicas da montaxe audiovisual en televisión.

CA1.1 Comparar as distintas teorías clásicas da montaxe, identificando os seus conceptos diferenciadores.

CA1.2 Explicar a contribución expresiva e narrativa do son á montaxe audiovisual.

CA1.3 Explicar o concepto de ritmo e o movemento externo da montaxe audiovisual.

CA1.4 Identificar as características e a intencionalidade narrativa da montaxe a partir de varios guións de televisión.

C2: Planificar e documentar o proceso de montaxe/edición segundo o guión ou *escaleta*.

CA2.1 Describir as características do proceso de edición e posprodución.

CA2.2 Describir o guión de edición de distintos produtos televisivos a partir da súa visualización.

CA2.3 Visualizar, minutar e *desglosar* as imaxes e sons contidos en diversas cintas xerando a documentación necesaria.

CA2.4 Identificar as características e a intencionalidade narrativa da montaxe a partir de varios guións de televisión.

CA2.5 Describir no guión de montaxe dun produto audiovisual: a secuencia de edición, o tratamento de son, os efectos a aplicar, as imaxes complementarias.

CA2.6 Seleccionar e identificar as imaxes e o son, minutalos, anotar o código de tempos de entrada e saída seguindo as pautas establecidas por un guión ou *escaleta* e os criterios narrativos e técnicos para adecuarse á intencionalidade determinada.

CA2.7 Seleccionar entre varias tomas dunha mesma secuencia/bloque as adecuadas á calidade técnica-narrativa do produto audiovisual.

C3: Realizar a edición de imaxes/son de acordo ás pautas do guión/*escaleta* adecuando o produto á intencionalidade narrativa.

CA3.1 Describir e comparar as prestacións dunha mesa analóxica e dixital.

CA3.2 Editar/montar por corte, no modo inserto, distintas producións comprobando que cinta de gravación encóntrase na súa posición inicial e marcando no editor os códigos tempo correspondentes ós de entrada e saída de gravación.

CA3.3 Editar/montar por corte, no modo *inserto*, distintas producións comprobando que a cinta de gravación se encontra na súa posición inicial e marcando no editor os códigos tempo correspondentes aos de entrada e saída de gravación.

CA3.4 Localizar a partir do guión de montaxe os puntos marcados de cada secuencia seleccionada, para determinar o punto exacto de edición.

CA3.5 Distinguir entre diferentes montaxes/edicións aquelas que manteñen o *raccord* en todas as secuencias de edición, o ritmo e a estrutura definida no guión de montaxe, as transicións definidas.

CA3.6 Describir as tarefas que deben realizarse co audio para elaborar a montaxe mantendo a

sincronización imaxe e son.

CA3.7 Identificar as diferenzas entre dous sinais de vídeo non sincronizados e dous sinais desfasados.

C4: Definir e xerar os efectos dixitais característicos dunha produción de televisión mediante as técnicas de tratamento da imaxe.

CA4.1 Describir os tipos de transicións que se adaptan ao xénero e estilo particular dunha produción audiovisual.

CA4.2 Describir os tipos de efectos que pode realizar un equipo xerador de efectos dixitais.

CA4.3 Nun caso práctico editar/montar distintas producións televisivas que incorporen efectos dixitais e recoñecer que os efectos programados actúan no instante en coa duración previstos.

CA4.4 Describir e realizar a secuencia de operacións para axustar e facer efectos de incrustación de luminancia e crominancia asegurando a calidade da incrustación.

C5: Definir os efectos de grafismo.

CA5.1 Describir as formas de inserir rótulos nunha produción audiovisual.

CA5.2 Diferenciar os distintos tipos de presentacións dun rótulo dentro dun programa de televisión.

CA5.3 Describir as posibilidades dos equipos de grafismo electrónico utilizados nun programa de televisión: paletas gráficas e edición de síntese de imaxe en 3D.

CA5.4 Elaborar grafismos básicos para determinados programas de televisión.

CONTIDOS:

1. A edición televisiva:

- Organización e preparación do material audiovisual.
- Teoría da montaxe/edición. Concepto e expresividade da montaxe en cine/tv.
- O guión de edición: estrutura mecánica e ordenación de planos. Tipoloxías de guión en función da idea, do medio e do xénero.
- Movemento e ritmo audiovisual.
- A minutaxe de imaxes e son.
- Tipoloxías de montaxe/edición: segundo a técnica e a estrutura narrativa.
- As formas de transición e os efectos que permite o programa de edición por ordenador: cortinas (*Wipe*) e a súa modificación; incrustacións (*Chroma Key* e *Luma*), máscaras, xeradores de bordos, DSK, efectos 2D e 3D, etc.

2. A edición:

- Os principios básicos da edición: a continuidade da acción, a dirección de pantalla; o *raccord* de mirada.
- Os requisitos técnicos para realizar unha edición (introducir puntos de saída, entrada, arquivos a utilizar, métodos de compresión, edición sen perda de calidade, etc.).
- Os programas e aplicacións de edición e composición dixitais para vídeo e audio (*Adobe, Pinnacle, Avid*, etc).
- Efectos de vídeo. Mesturadores de vídeo. Xeradores de efectos. Paletas gráficas.
- Tratamento do son na posprodución.
- Edición lineal e edición non lineal.

3. Configuración dun plató virtual:

- O escenario virtual.
- A realización virtual e as técnicas multimedia: novas formas de comunicación e novos produtos e servizos.
- Realización en 2D e 3D e a interactividade. Medios de *hardware* gráfico e equipos multimedia e dixitalización. Programas informáticos aplicados á realización multimedia e 3D: deseño gráfico asistido en 2D e 3D.
- A iluminación e ambientación nun plató virtual. Programas informáticos aplicados.

4. Procesadores de vídeo:

- Os xeradores de sinais:

- O xerador de sincronismos.
- O xerador de logotipo.
- O xerador de sinais test.
- O xerador de cartas de axuste.

5. Outros equipos da sala de realización:

- Os paneis de interconexión, os preselectores, a matriz de conmutación.
- O corrector base de tempos TBC.
- A tituladora e os xeradores de efectos.
- O mesturador de vídeo.

UF0100: ELABORACIÓN DE CINTAS MASTER (70 HORAS).

Capacidades e criterios de avaliación:

C1: Realizar os procesos finais previos á distribución e comercialización dos produtos televisivos.

CA1.1 Mesturar pistas de audio para a súa emisión /comercialización.

CA1.2 Realizar copias de seguridade, copias estándar e copias preparadas para emisión.

C2: Aplicar as normas de seguridade e os procedementos establecidos para identificar e arquivar o produto audiovisual.

CA2.1 Describir os procedementos técnicos precisos para evitar borrados accidentais dos orixinais.

CA2.2 Realizar as copias de seguridade de programas de televisión e identificalas documentalmente para o seu arquivo.

CA2.3 Describir os procesos finais previos á distribución e comercialización dos produtos televisivos: mestura de pista de audio para a súa emisión/comercialización; copias de seguridade; copias estándar; e copias preparadas para emisión.

CONTIDOS:

1. A cinta *master*

- Parte de cinta.
- Visionado.
- Declaración de autores e informes.
- Detección de incidencias.

2. O control da calidade na montaxe, a edición e a posproducción:

- Procesos, calidade e normativa na realización audiovisual.
- Proceso final de etiquetado.
- Protección e documentación do produto final.

3. Procesos finais previos á distribución e comercialización de produtos televisivos

- Mestura de pistas de audio para a distribución e comercialización.
- Tipos de copias: de seguridade, estándar, preparadas para a emisión.

MP0024: MÓDULO DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE ASISTENCIA Á REALIZACIÓN EN TELEVISIÓN (80 HORAS).

Capacidades e criterios de avaliación:

C1: Intervir na planificación do movemento das cámaras a partir da análise do guión e a información que achega.

CA1.1 Participar na realización do plan de escena máis axeitado do guión de distintos programas televisivos a partir do seu *desglose* en diferentes escenas ou decorados.

CA1.2 Axudar a identificar as localizacións axeitadas a cada tipo de produción televisiva a partir do guión dunha produción audiovisual, cando se precisen.

CA1.3 Colaborar en identificar os personaxes que interveñen e a tipoloxía dos mesmos dun guión dun programa televisivo.

CA1.4 Identificar e avaliar o material visual e sonoro necesario para a realización de distintos

programas de televisión documentais e informativos ou outros, en función do guiión e os obxectivos previstos para a realización.

CA1.5 Estimar os recursos materiais, técnicos e humanos necesarios segundo o guiión de produción dun programa televisivo.

CA1.6 Participar na confección da *escaleta* de gravación a partir do guiión e do visionado de diferentes programas de televisión.

CA1.7 Identificar, a través do identificador de vídeo ou evento, os arquivos de vídeo e de audio e, no seu caso, identificar os metadatos necesarios que hai que engadir para a súa correcta utilización.

CA1.8 Axudar a reparar o material para asegurarse de que se encontra na base de datos do almacenamento compartido e que permanece na mesma durante o tempo que dure a produción.

C2: Participar na elaboración do guiión técnico e a documentación necesaria para a realización de distintos tipos de programa partindo do guiión literario.

CA2.1 Colaborar na preparación da documentación técnica necesaria para a realización dun programa informativo (*escaletas* previas ou *preescaletas*, minutados ou *escaleta* de programa e *escaleta* de *layout* ou emisión).

CA2.2 Axudar a elaborar a documentación técnica necesaria para a realización dun programa de ficción (*escaletas* de planificación, *escaleta* de rodaxe e guiión técnico).

CA2.3 Axudar a elaborar a documentación técnica necesaria para a realización dun programa de variedades (*escaletas* previas, minutados e *escaletas layout*).

C3: Participar na planificación e na gravación de programas informativos e documentais de televisión con equipos ENG.

CA3.1 Intervir na planificación da toma de imaxe e son segundo os obxectivos da cobertura informativa dunha produción informativa ENG: entrevista, noticia, reportaxe e documental.

CA3.2 Colaborar na gravación dunha produción informativa ENG: entrevista, noticia e reportaxe, documental; identificando previamente as localizacións que mellor se adapten ao programa, a planificación das tomas, o equipamento técnico necesario e os seus accesorios.

C4: Axudar a elaborar a posta en escena máis adecuada dun programa de televisión a partir do guiión ou *escaleta* de diferentes programas de televisión.

CA4.1 Sinalar que características do decorado, elementos escenográficos, vestuario e maquillaxe son os adecuados.

CA4.2 Preparar a correcta situación dos elementos escenográficos do *set* de realización ou plató.

CA4.3 Preparar a correcta situación dos elementos materiais e equipos técnicos e humanos para a posta en escena.

C5: Cooperar durante a coordinación dos ensaios de todos os equipos técnicos e artísticos no plató ou no *set* de gravación.

CA5.1 Asistir no cumprimento das ordes de realización que se dan aos distintos equipos, no que se refire á situación e ás funcións de cada un dos seus compoñentes, durante a realización dun programa.

CA5.2 Intervir na realización monocámara e multicámara de diversos tipos de programa a partir da *escaleta* coas indicacións do realizador.

CA5.3 Apoiar durante a gravación das cámaras e/ou do sinal mesturado no servidor correspondente e –no seu caso– no VTR.

CA5.4 Axudar para que a gravación se axuste ao fluxo de traballo establecido e que se respecten todos os aspectos relativos a súa identificación e colocación na base de datos.

C6: Colaborar durante a coordinación do medio operativo adecuado á produción de programas de televisión desde o control de realización.

CA6.1 Explicar as técnicas básicas de realización de programas de televisión: saltos proporcionais, a lei do eixe, o plano contraplano e o plano *master*.

CA6.2 Comprobar desde os monitores da sala de control que, durante os ensaios de gravación, os movementos da cámara se sincronizan coa acción e están motivados por ela ou polos diálogos, seguindo o guiión do programa e as indicacións do realizador.

CA6.3 Na sala de control verificar que todo o equipo está preparado para a gravación do

programa, comprobando que o técnico de control de imaxe axustou a cámara aos parámetros óptimos de calidade, que o técnico de son axustou o seu equipo e que o mesturador está preparado.

CA6.4 Asegurarse de que o *prompter* funciona correctamente en canto a súa velocidade de lectura, se é que o programa require do seu uso.

CA6.5 Identificar as transicións para asegurar que son as previstas para un determinado programa, co ritmo e os tempos de entrada e saída adecuados.

CA6.6 Desde os monitores da sala de control observar a continuidade de actuación, iluminación, ambiente e acción durante a realización/gravación, para prever fallos e dar instrucións aos equipos.

CA6.7 Comprobar os planos durante os ensaios para que se axusten á estrutura do bloque ou secuencia e que ofrezan unha lóxica da acción comprensible para o espectador.

CA6.8 Nunha realización multicámara de diversos programas caracterizados (mediante guión ou *escaleta*):

- Elaborar o *desglose* dos bloques de gravación.
- Seleccionar o material e equipo técnico necesario.
- Planificar a gravación.
- Colocar na planta de decorado ou “set” a situación e movemento dos elementos técnicos e participantes.
- Identificar e comunicarlle aos técnicos e participantes a información, as accións e a correcta execución do programa nos seus parámetros técnicos.
- Participar na realización do programa.
- Prever os membros do equipo coa suficiente antelación e utilizando os códigos precisos, dos tempos totais e parciais e das fases do programa.
- Anotar no guión as incidencias da realización.
- Analizar o resultado e elaborar un informe xustificando as accións e decisións tomadas.

C7: Participar na organización dos recursos materiais e técnicos para a súa posproducción.

C7.1 Colabora na selección dos planos para a posproducción a través do código de tempo durante a gravación ou rodaxe.

CA7.2 Participar no minutado do material de vídeo-audio unha vez gravado, que é necesario para a gravación/emisión dun programa determinado.

CA7.3 Apoiar a elaboración da *escaleta* ou guión de posproducción para a súa montaxe e edición.

CA7.4 Contribuír no aseguramento de que os eventos de vídeo están dispoñibles en tempo e formato no sistema de almacenamento compartido e colaborar no arquivo e a purga do material, axustándose ao fluxo de traballo establecido.

CA7.5 Participar no uso óptimo dos recursos de almacenamento en todas as etapas da produción.

C8: Achegar ideas durante a edición de imaxes/son de acordo ás pautas do guión/*escaleta* de posproducción, adecuando o produto á intencionalidade narrativa.

CA8.1 Cooperar durante a preparación do material *inxestado* para a posproducción. No seu caso, sincronizar as tomas entre cámaras, con ou sen axuda dun *software* de sincronización e axudar durante a premontaxe.

CA8.2 Asistir na edición e montaxe de distintas producións televisivas a través dun *software* de edición.

CA8.3 A partir do guión de montaxe, contribuír na localización dos puntos marcados de cada secuencia seleccionada para determinar o punto exacto de edición.

CA8.4 Comprobar que as montaxes/edicións realizadas manteñen o *raccord* en toda a secuencia de montaxe, o ritmo e a estrutura definida no guión de montaxe, as transicións definidas.

C9: Intervir na realización dos efectos de grafismo en distintos programas de televisión.

CA9.1 Acompañar durante o manexo dos equipos de grafismo electrónico utilizados nos programas de televisión en directo, axudando a inserir rótulos mediante os tipos de presentación nun programa de televisión.

CA9.2 Elaborar grafismos (mapas, cartelas, rótulos en 3D, e outros) para determinados programas de televisión a través de *softwares* específicos.

CA9.3 Axudar a transferir os arquivos en formato adecuado e asegurarse de que están dispoñibles para a súa utilización.

C10: Seguir as regras de seguridade necesarias durante a realización para evitar os riscos que poidan producirse.

CA10.1 Utilizar as medidas de seguridade para evitar borrados do material orixinal.

CA10.2 Axudar a archivar de forma adecuada as copias de seguridade do material gravado e montado.

CA10.3 Colaborar na mestura de pistas de audio para a súa emisión e/ou comercialización.

C11: Participar nos procesos de traballo da empresa, seguindo as normas e instrucións establecidas no centro de traballo.

CA11.1 Comportarse responsablemente tanto nas relacións humanas como nos traballos a realizar.

CA11.2 Respetar os procedementos e normas do centro de traballo.

CA11.3 Empezar con dilixencia as tarefas segundo as instrucións recibidas, tratando de que se adecúen ao ritmo de traballo da empresa.

CA11.4 Integrarse nos procesos de produción do centro de traballo.

CA11.5 Utilizar as canles de comunicación establecidas.

CA11.6 Respetar en todo momento as medidas de prevención de riscos, saúde laboral e protección do medio ambiente.